

## A GUERRA

**E**n Oriente Médio acabou-se a guerra, pero non chegou a paz. Hoxe máis que nunca deberíamos ser sensíbeis a situación dos países árabes e defender o lexítimo direito a decidir o seu destino e a controlar as suas matérias primas, en beneficio dunha nova orde internacional, na que a voz dos povos tradicionalmente inexistentes tivera o protagonismo central. Unha solución árabe ao conflito do Golfo é a única resposta lexítima, e un papel más activo do mundo árabe na esfera internacional, dado o seu potencial político e ecomómico, sería o desexábel. Non é casual, neste contexto, unha resposta tan brutal, ainda que hipocritamente amparada nunha actuación vergonzante da ONU, por parte dos USA e dos aliados da CEE: na nova orde internacional que se predica deben mandar os que mandaron sempre e os que xa nunca puideron dicer «esta boca é miña» deben aceitar as leis que se ditan desde o centro hexemónico. A esperanza como último resorte, o ánimo para un Terceiro Mundo «en pé», a solidariedade co povo árabe e o noso convencimento da obrigatoria necesidade da libre autodeterminación de todos os povos para reconverter a esta Planeta é a resposta a unha paz que pretenden instaurar ao «estilo americano».

## OS INCÉNDIOS

**N**on pudemos ser no ano 1990 optimistas cos resultados do denominado «Plan contra incéndios» da Consellería de Agricultura. As expectativas dun notábel incremento presupuestario vironse rapidamente truncadas pola filosofía do Plan: había máis atención á loita directa contra os incéndios forestais que á prevención e recuperación das zonas queimadas no ano 89. Con esta disposición, os feitos non se deixaron sentir: o número de incéndios aumentou e Galiza segue a ser unha antorcha permanente prendida durante todo o verán. Para este ano as previsións non son mellores nem moito menos: hai un importante presupuesto, pero segue ser haber política preventiva e as actuacións da Administración autonómica van dirixidas maioritariamente as medidas de erradicación dos incéndios e a sensibilizar (?) á opinión pública por medio dunha campaña publicitaria denominada «Galiza unida contra o lume», que terá o seu punto álxido na celebración de diversos concertos de rock. Pouco para pór fin ao maior delito ecolóxico que sofre o noso país e que, cun povo

dabondo sensibilizado ante a gravidade das suas consecuencias, é solidariamente denunciado ano tras ano por todos os sectores. A necesidade dun consenso social nesta problemática, facilmente consegúibel, non debe restar denuncia e crítica ás actuacións políticas e responsabilidades gubernamentais, tanto da Xunta como do Governo Español, que parecen resignados (ou cómplices?) á existencia dos incendios forestais todos os veráns no noso país.

## OS RESÍDUOS SOLIDOS URBANOS

**C**ando existe un momento favorábel á encetar campañas de xestión e recuperación de resíduos sólidos (matéria orgánica, papel, cartón e vidro), cando as propostas sociais van encañadas á divulgar os beneficios sociais da recuperacións dos materiais facilmente reciclábeis, surxe a resposta da COTOP de defensa da eliminación do lixo por meio de incineradoras e o, demostrado, ineficaz sistema dos «vertedeiros controlados» que non veñen senón a xustificar os perxudiciais vertedeiros incotrolados que pululan por todas as cidades, estradas e lugares. A apostila polo reciclado é a saída a unha situación caótica de xestión de RSU e unha verdadeira proposta para a recuperación de espazos absolutamente degradados. Reciclar o que desbotamos é camiñar cara a unha moi recomendábel nova mentalidade diante do despilfarro uso cotidiano de consumir o máis posible, sen valorar nem custos sociais nem custos ecológicos.

## SEUS SEMPRE

Ramón Vilalta López, António Fernández Domínguez, Xoan R. Rey Gómez, Alberte Regueiro Franco, Enrique Niño Rico, Xesús Pereiras López, Carlos Vales Vázquez, Ramón Varela Diaz, Xosé M. López Ciprián e Manuel Soto Castiñeira aportaron alimento textual. As ilustracións son de 106 Caricaturas contemporáneas (Museu do Humor, Concello de Fene). As fotos correrón a cargo de Manuel Graña, Carlos Silvar, Xurxo Lobato, Xesús Pereiras e Paco Brei. O noso agradecemento ás revistas Integral, MOPU e Correo da Unesco e a Fauna ibérica pola utilización das suas ilustracións e fotografías. A coordinación da publicación fixemo-la Antón Prieto, Carlos Silvar, Xosé M. López Ciprián e Xosé María Torné.

Depósito Legal: C-913-1986.